


Actividade na que o usuario ha de ordenar unha serie de imaxes. Ideal para series, secuencias temporais, etc.:



José M. Boo

Na pestana "Actividade" atopamos:




### ZONA 1

Aquí faremos dobre clic na primeira fila da táboa e abrírase un navegador de arquivos que usaremos para introducir a 1ª imaxe da serie. Logo faremos clic na segunda fila e introduciremos a 2ª imaxe e así sucesivamente ata un máximo de 16. Unha vez teñamos todas as imaxes na táboa sempre

poderemos cambiar a orde da secuencia seleccionando unha delas (a fila correspondente da táboa) e usando as pequenas frechas verdes da parte dereita da táboa. Unha vez seleccionada unha fila, na parte dereita da táboa aparecerá unha miniatura da imaxe en cuestión para que saibamos exactamente cual é en caso de querela mover ou mesmo a eliminar co botón vermello:

1 Haga doble clic para introducir datos



### ZONA 2

Nestes campos, como sempre, dimensionar o ancho e o alto da área de traballo da actividade. Xogando con estas medidas e coas do tamaño das imaxes (ver "zona 3") faremos que estas encaixen ben dentro da área de traballo.

Tamaño

Ancho  alto

### ZONA 3

Neste recadro poderemos modificar o ancho e o alto das imaxes que introducimos na táboa. Xogando con estas

Tamaño de las imágenes  x  pixels

medidas e coas do tamaño da área de traballo da actividade (ver "zona 2") faremos que estas encaixen ben dentro da área de traballo.

**ZONA 4**

Cos botóns (1) decidiremos se todos os recadros da actividade terán ou non as esquinas redondeadas. Cos botóns (2) faremos que cando o usuario sitúe o punteiro do rato enriba das imaxes ou



mentres as arrastra, o fondo dos recadros que as conteñen teña recheo sólido, degradado de arriba a abaixo ou degradado dos bordos cara ao centro respectivamente. Logo temos a xa coñecida casa de verificación para facer compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil (3). Finalmente, se activamos a casa (4) faremos que o recadro da área de traballo da actividade e os recadros de información e verificación presenten sombra nos lados dereito e inferior.